

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DO CEMITERIO MUNICIPAL

Artigo 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, e de conformidade no disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa do Cemiterio Municipal, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, no que as súas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1978.

Artigo 2º.- Feito imponible.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos do Cemiterio Municipal, tales como asignación de espazos para enterramentos, permisos de construción de panteóns ou sepulturas, ocupación dos mesmos, redución incineración, movemento e colocación de lápidas, enreixados e adornos, conservación dos espazos destinados ó descanso dos defuntos, e calesquera outros que, de conformidade co previsto no Regulamento da Policía Sanitaria Mortuoria sexan procedentes ou sexan autorizados a instancia de parte.

Artigo 3º.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión da autorización e da prestación do servizo, e no seu caso, os titulares da autorización concedida.

Artigo 4.- Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral non supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral Tributaria.

Artigo 5.- Exencións subxectivas e bonificacións

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de :

- a) Os soterramentos de anciáns do asilo "Hermanitas Desamparadas de Tui", carentes de posibilidade económicas, así como os soterramentos das propias integrantes da asociación relixiosa, sempre que a condución se verifique por conta de dito establecemento e sen ningunha pompa fúnebre que sexa costeada pola familia dos falecidos.
- b) Os soterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.
- c) As inhumacións que orde a Autoridade Xudicial e que se efectúen na fosa común.
- d) Bonificación do 50% ás persoas que os ingresos da unidade familiar non acaden en computo anual, o dobre do salario mínimo interprofesional, e non ser propietarios de bens inmobles, agás que se trate de vivenda propia, sempre que o valor catastral non supere 72.000,00 de €.
- e) Bonificación do 95% para aqueles cidadáns cujos ingresos de unidade familiar non acaden en cómputo anual o 1,5 do SMI

A documentación a presentar nestes casos xunto coa solicitude será:

1. Libro de familia.
2. Informe da Policía Municipal sobre as persoas que integran a unidade familiar.

3. Certificación de ingresos do solicitante e das persoas que convivan con el:
- Da empresa na que traballa.
 - Do INEM.
 - Da entidade pagadora de pensión ou haberes pasivos.

No caso de non ter ningún dos ingresos mencionados é preciso:

- Unha certificación negativa dos Organismos competentes da Seguridade Social, na que se indique que as persoas interesadas non están incluídas nela, nin como traballadoras activos, nin como pensionistas ou beneficiarias do seguro de desemprego.
- Certificación da Delegación de Facenda da tributación do Imposto sobre Bens Inmóbles e Imposto sobre actividades económicas a nome dos interesados especificando a clase de finca e a base imponible.
- Título de propiedade, contrato de aluguer(ou, no seu defecto, os recibos) da vivenda que ocupan.
- Copia da última declaración do I.R.P.F.

As solicitudes das persoas interesadas serán tramitadas polo Departamento de Asistencia Social que deberá emitir informe favorable trala avaliación dos documentos sinalados anteriormente que aporte o contribuínte para xustifica-los seus ingresos e outros informes e comprobación que se emiten oportunos.

O expediente será tramitado individualmente e sometido a aprobación da Xunta Goberno Local.

Artigo 6º.- Cota tributaria.

A cota desta Taxa será a que figure no anexo desta Ordenanza.

Artigo 7º.- Devengo.

Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, a estes efectos que a iniciación prodúcese coa solicitude de aqueles.

Artigo 8º.- Declaración, liquidación e ingreso.

1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate. A solicitude de permiso para a construción de mausoleo e panteóns irá acompañada do correspondente proxecto e memoria, autorizados polo facultativo correspondente.
2. Cada servizo será obxecto de liquidación individual e autónoma, que será notificada, unha vez que se presta dito servizo, para o seu uso directo nas Arcas Municipais na forma e prazos sinalados no Regulamento Xeral de Recadación.


Artigo 9º.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que as mesmas lle correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, sendo aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data expresada no anexo desta Ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro do 1990, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Ultima modificación Pleno 27.02.2007



ANEXO Á ORDENANZA DA TAXA POLO SERVICIO DE CEMITERIOS LOCAIS, CONDUCCIÓN DE CADÁVERES E OUTROS SERVICIOS FÚNEBRES DE CARÁCTER LOCAL

1.	A estrutura e contía desta Taxa será a seguinte:	
1.1.	CONCESIONS:	EUROS
1.1.1.	Panteóns	
1.1.1.1	Por cada m ² de terreo que se conceda, polo período de 50 anos	1.741,58
1.1.2.	Sepulturas.	
1.1.2.1	Por cada sepultura na terra, polo período de 5 anos	69,90
1.1.2.2	Por c/sepultura zona párvulos	6,67
1.1.3.	Criptas:	
1.1.3.1	Conxunto de 6 nichos, por 5 anos.	334,16
1.1.3.2	Conxunto de 6 nichos, por 50 anos	4.176,96
1.1.4.	Nichos en cesión:	
	Filas	Por período quincenais Por 50 anos
	1º Baixo	69,64 1.091,18
	2º Medio	208,85 1.909,62
	3º Alto	120,79 1.636,74
1.1.5.	Por cada título particular de dereitos funerarios	2,27
1.2.	ENTERRAMENTOS	
	Independentemente do importe das concesión por 50 anos ou por períodos quinquenais, devengarase por cada enterramento:	
1.2.1.	De párvulos, fetos e restos anatómicos en sepultura común	10,45
1.2.2.	En panteón	69,73
1.2.3.	En nicho municipal	34,88
1.2.4.	En sepulturas adultos na terra	10,45
1.2.5.	Cadáveres ou restos procedentes doutros cemiterios	34,88
1.3.	TRANSMISIÓNS DE CONCESIÓNS	
1.3.1.	Cambio de titular por herdanza dun nicho	69,73
1.3.2.	Cambio de titular de panteón, por m ²	34,88
1.3.3.	Por venda ou doazón de panteón	139,42
2.	As débedas non satisfeitas en voluntaria esixiranse pola vía de constrinximento.	

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIROS

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO E NATUREZA

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2.04, Reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 19 da Lei 39/88, do 28.12, reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa de SUMIDOIROS, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, normas que atenden ó previsto na Lei de Facendas Locais.

ARTIGO 2º.—FEITO IMPOÑIBLE

1. Constitúe o feito imponible da taxa:
 - a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar si se dan as condicións necesarias para autorizala acometida á rede de sumidoiros municipal.
 - b) A prestación dos servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais, a través da rede de sumidoiros municipal, e o seu tratamento para depuralas.
2. Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non fagan uso do sumidoiro.

ARTIGO 3º.—SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou Xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria que sexan:
 - a) Cando se trate da concesión de licenza de acometida á rede, o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.
 - b) No caso de prestación de servizos do número 1.b) do artigo anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios e ditos servizos, calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso ocupantes en precario.
2. En todo caso, terá a consideración de suxeito pasivo substituto do ocupante os usuarios das vivendas ou locais o propietario destes inmobles, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas satisfeitas sobre os respectivos beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º.—RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e Xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º.—COTA TRIBUTARIA

A cota desta taxa será a que figura, no anexo desta ordenanza.

ARTIGO 6º.—EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se concederá exención nin bonificación ningunha na exacción desta taxa, que non veña es-